



O veleiro, cuxos dous tripulantes foron arrestados, pertence segundo a Policía Nacional, a unha organización de narcotransportistas galegos que foi desmantelada con outras 19 detencións en Pontevedra, Almería, Córdoba e Badaxoz

Só nos últimos tres meses, esta organización trataría de introducir en España mediante tres lanchas máis de 6 toneladas de haxix que foron tamén interceptadas

No rexistro da vivenda en Galicia dun dos arrestados os axentes acharon ademais un cultivo de 100 plantas de marihuana

A nave foi remolcada ao porto de Vigo

Axentes da Policía Nacional interceptaron un veleiro cargado con 600 quilos de cocaína que se dirixía a Galicia. Un equipo do GEO abordou a embarcación en alta mar ao nordeste das illas Azores coa colaboración do patrulleiro “Atalaya” da Armada.

O veleiro, cuxos dous tripulantes foron arrestados, pertence a unha organización de narcotransportistas galegos que foi desmantelada con outras 19 detencións en Pontevedra, Almería, Córdoba e Badaxoz, segundo informa a Policía Nacional.

Engaden que só nos últimos tres meses, esta organización trataría de introducir en España mediante tres lanchas máis de 6 toneladas de haxix que foron tamén interceptadas. No rexistro da vivenda en Galicia dun dos arrestados os axentes acharon ademais un cultivo de 100 plantas de marihuana.

## **O clan dos “Peques”**

No mes de setembro de 2014 iniciouse a investigación sobre unha organización de narcotransportistas galegos especializados no transporte marítimo de haxix e cocaína cara á Península. As pescudas policiais centrábanse nun grupo de lancheiros vinculados ao clan dos “Peques”, quen poderían estar preparando varias embarcacións para dedicalas tanto á recolleita de haxix no estreito, como ao transporte de cocaína desde América do Sur.

Os investigadores descubriron que debido á presión policial e ás detencións que xa sufriran algúns membros da organización investigada, esta decidiu trasladar as súas lanchas e iates cara á zona sur de España, en concreto á provincia de Almería. Alí contaban co apoio de traficantes locais e coas infraestruturas necesarias para poñer en marchas as súas operacións, que apuntaban a transportar haxix desde Marrocos.

Tras varios contactos entre a organización galega e os subministradores de haxix, así como o traslado de dous das súas embarcacións ata o porto de Almería, os narcotraficantes trataron de introducir en España durante o mes de maio tres transportes de haxix que foron interceptados polas forzas e corpos de seguridade.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 18 Agosto 2015 13:24

---

En concreto tratábase de dous iates e dunha lancha que conduciron á incautación de 2 toneladas de haxix (Cartaxena), 2,9 toneladas de haxix (tamén en augas de Cartaxena) e 1,25 toneladas nas praias de Motril.

### **A compra do veleiro**

Paralelamente ás operacións de haxix, a organización planificaba tamén a compra dun veleiro para recoller unha importante cantidade de cocaína en América do Sur e transportala ata Galicia. Así, a finais do mes de abril os narcos compraron en man un veleiro na localidade de Aguadulce (Almería).

Os investigadores pescudaron que ese veleiro atoparíase navegando polo Atlántico rumbo a Galicia cunha importante cantidade de cocaína, polo que un equipo do GEO partiu ao seu encontro no patrulleiro de altura “Atalaya” da Armada. O abordaxe do veleiro produciuse ao nordeste das Illas Azores. As dúas persoas a bordo do veleiro, ambos galegos, transportaban polo menos 24 fardos con 600 quilos de cocaína e foron arrestados polos axentes do GEO.

### **Dispositivo final**

Trala interceptación do veleiro cargado de droga, as investigacións culminaron coa detención dos integrantes da organización en Pontevedra (13), Almería (4), Badaxoz (1) e Córdoba (1). Nun dos rexistros domiciliarios efectuados en Galicia, os axentes descubriron un cultivo hidropónico de marihuana con 100 plantas, lámpadas, equipos de rego individualizado, equipos de secado e de hidratación.

A operación foi desenvolvida por axentes do GRECO Galicia da Comisaría Xeral de Policía Xudicial, das UDYCO de Vigo e Almería, así como dos grupos de estupefacientes de Córdoba, Badaxoz e A Palma e do Grupo Especial de Operacións. Os axentes da Policía Nacional contaron coa colaboración do CITCO, a Armada Española e a NCA británica